

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL
CANGAS****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 19
REGULADORA DAS TAXAS POR IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS NO
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE CANGAS***

Ao non presentarse reclamacións durante o período de exposición pública contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº19 reguladora das taxas por impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Cangas no seu artigo 5º, considérase definitivamente aprobada, elevándose a definitivo o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria de data do 31/07/2015 a redacción final do texto modificado da ordenanza faise público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

Aprobar a modificación do artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 19 reguladora das taxas por impartición de ensinanzas no Conservatorio profesional de música do Concello de Cangas, quedando redactado o artigo da seguinte forma:

BENEFICIOS FISCAIS Artigo 5º

5.1 Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais, ademáis dos previstos nesta Ordenanza.

5.2.- Serán de aplicación os seguintes descontos por renda, tal e como se detallan:

Renda ano	Nº unidade familiar	Dto.
<10.000 €	3 ou 2 no caso de familias monoparentais	25 %
<10.000 €	> 4	35 %
>10.000 <20.000 €	3	15 %
>10.000 <20.000 €	> 4	20 %

5.3.- As/os alumnas/os que obteña Matrícula de Honra nunha ou máis disciplinas terá dereito á matrícula gratuíta no mesmo número de materias de curso seguinte.”



A presente Ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da Xurisdición.

Cangas, a 7 de outubro de 2015.—O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

